

## EDITORIAL

A mediados dos anos oitenta a China lanzou un xigantesco proxecto de acuicultura nas zonas do interior e mais nas zonas de litoral. Hoxe a produción acuícola china é de 28 millóns de Tm, máis da cuarta parte do total mundial e case vez e media a súa produción pesqueira, 20 millóns de Tm (datos do Beijing Informa para 1996 e da FAO para 1994, respectivamente) e iso que a produción pesqueira china aumentou espectacularmente no intre ata chegar a ser, con moito, o primeiro país pesqueiro do mundo.

En España, dende 1985 a 1995 a produción acuícola descendeu, exactamente dividiuse por dous, debido sobre todo á terrible contracción do mexilón, mentres outras especies acuícolas aumentaron a súa produción (a acuicultura mariña, excepto o mexilón, vén medrando a un 15,5% anual). A acuicultura é aínda apenas o 10% da pesca española, pero o 25% da pesca mundial. O que vén falar da necesidade dun gran esforzo polo desenvolvemento da acuicultura.

Mentres en China, que lanzou un gran programa de acuicultura, aumenta a produción de peixes, abástanse mellor os mercados, mellora a dieta e regularízanse os prezos, en España aumenta a importación, reproducécese a crise, contráese a pesca e a produción de peixes e aumenta o desemprego.

Dende o cooperativismo galego quérese lanzar un gran programa de acuicultura. Lévasse querendo lanzalo dende hai xa varios anos. E pártese de boas condicións para iso: a Cooperativa Ría de Arousa, de Abanqueiro, tivo éxito na acuicultura de bivalvos (ameixas especialmente) na ribeira inter e inframarreal. A Federación de Cooperativas Sinerxia priorizou unha liña de actuación a prol do cooperativismo acuícola -un dos seus documentos publícase neste número-, e acaba de comeza-la súa andaina a publicación catrimestral *Acuicultura Cooperativa no Marisqueo*, dende o cooperativismo de acuicultura, onde se van definindo, con gran aceptación nos medios sociais e productivos implicados, os perfís dos liñamentos deste gran programa.

Pero nunha actividade onde a dependencia das decisións da Administración Pública é tan grande -é necesaria unha decisión administrativa para acceder ó recurso, outra para xestionalo, outra para extraelo e outra para comercializalo; un complexo control sanitario e ecolóxico e gran parte dos proxectos de I+D...- fainos falla un gran esforzo de comunicación e de entendemento coa Administración Pesqueira: hai que conseguir a posta a punto dunha alianza estratéxica coa Consellería de Pesca para o lanzamento deste gran **Programa de Acuicultura Mariña**.

### BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN Á REVISTA COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Para enviar á ASOCIACIÓN PARA A ECONOMÍA SOCIAL.

E.U.E.E., r/ Torrecedeira, 105 - 36208. Vigo.

Apartado de Correos 5172. Vigo.

Teléfono 986-813707. Fax 986-813746. E-mail lago@Uvigo.es

Desexo que me envíen a revista *Cooperativismo e Economía Social*.

Nome ..... NIF .....

Enderezo: .....

Concello: ..... CP .....

Teléfono ..... Data .....

Tarifa 1997: Subscripción anual (2 números): 1750 pts. nº solto: 1000 pts.

#### FORMA DE PAGO:

- Transferencia bancaria á conta. 2091-0501-61-3040034158. CAIXA GALICIA.
- Contrarreembolso do primeiro exemplar recibido.
- Xiro postal.

(a forma preferida é contrarreembolso)